

ÁLBUM ILUSTRADO E CONTOS

M^{ra} EUGENIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
AMALIA PÉREZ OTERO



Que é un álbum ilustrado?

“Un álbum ilustrado é texto, ilustracións, deseño total; é obra de manufactura e produto comercial; documento social, cultural, histórico e, antes que nada, é unha experiencia para os nenos. Como manifestación artística equilibrase no punto de interdependencia entre as imaxes e as palabras, no despregamento simultáneo de dúas páxinas encontradas e no drama de darlle a volta á páxina.” Boder (1976)

No álbum ilustrado pónense en relación palabras e imaxes. A narración realízase de maneira articulada entre texto e imaxe, aínda que o texto pode estar ausente. A súa presenza dentro do libro non pode ser superior á das imaxes. Malia isto, o texto non ocupa un lugar secundario e pódese dar o caso de que sexa a expresión prioritaria.

Daquela, nun álbum ilustrado interveñen tres planos:

- Plano do texto.
- Plano da imaxe, no que interveñen cuestións tanto gráficas como pictóricas.
- Plano editorial, onde se analiza o deseño, a concepción material e a fabricación do libro.

Contidos

Que é o álbum ilustrado?	1
Breve historia do álbum	2
Que é o libro ilustrado?	3
A edición do álbum ilustrado	4
Novas conxunción de texto e imaxe	5
Composicións das imaxes	6
Iconas non verbais	
Símbolos espaciais	
Símbolos tonais	
A cor das imaxes	9
Alfabetización emocional e álbum	10
A mirada violeta dos álbums ilustrados	13

1^a Parte

A combinación de códigos na escrita: texto e imaxe



Breve historia do Álbum Ilustrado

Semella un fenómeno editorial recente, mais as súas orixes pódense atopar xa no século XVII, cando o pedagogo Comenius publicou o seu *Orbis sensudium pictus*, no que empregaba a imaxe como medio para captar a atención dos pequenos.

Coa chegada das vangardas artísticas, xa no século XX, e coas novas técnicas de impresión, xorde o que hoxe coñecemos como álbum ilustrado: un libro no que a imaxe se libera do texto e se transforma nun acto principal da narración.

Os anos 60 supuxeron un boom para este xénero, fundamentalmente en Europa, e dende entón non para de medrar e innovarse. De feito, a publicación en 1963 de *Onde viven os monstros*, obra mestra de Maurice Sendak, marca claramente o inicio do álbum ilustrado contemporáneo, sendo considerado ademais como un clásico da literatura infantil. Sendak emprega nesta obra tal variedade de técnicas gráficas e verbais que converten este libro nunha composición verdadeiramente poética.

Para comprender o alcance e impacto deste álbum en sucesivas xeracións de lectores, cómprenos ter en conta que este libro recoñece que a infancia ten emocións contundentes e fortes.

Sendak axúdalles aos nenos e nenas a ver e a nomear o non visto, o fantástico, os monstros da súa imaxinación, ofrecéndolles unha experiencia lectora que os acompañará sempre.

Por iso é un dos libros máis lidos pola infancia na segunda metade do século XX, ata chegar aos nosos días.

É a partir deste momento cando o álbum ilustrado contemporáneo inicia a súa andaina incorporando a cor, a diversidade de técnicas e sendo consciente do extraordinario poder comunicativo da imaxe. Os ilustradores concéntranse en pensar visualmente e en desenvolver unha linguaxe visual persoal. O uso da cor, a textura, o contraste, a iluminación, os

matices tonais, a forma, as relacións de escala e tamaño, a perspectiva, a xerarquía de conceptos, o equilibrio, a destreza, o uso da liña, a composición e o punto de vista son os elementos fundamentais da linguaxe visual e pictórica (Mark Wigan, 2007)

Outro momento clave na ilustración infantil foi a obra de creador Leo Lionni. *Frederick* e, moi especialmente, *Pequeno azul e pequeno amarelo*, publicados respectivamente en 1963 e 1962. No segundo sorprende a relación abstracta que as dúas manchas de cor establecen espacialmente na dobre páxina e a extraordinaria forza visual e emoción que esperta esta aparente simplicidade.


A forza da imaxe cobra todo o seu protagonismo narrativo nos álbumes ilustrados que non teñen texto. É significativo o traballo de Iela Mari, que en 1968 conta só con imaxes a historia *O globiño encarnado* -en francés, *Les aventures d'une petite bulle rouge*-. O uso da liña e a cor encarnada segue a espertar o asombro no lector. Maxia, sentido lúdico, imaxinación... son factores asociados a esta imaxe secuenciada.

A partir dos anos 1970 e 1980 ata chegar aos anos 90, o álbum ilustrado foi avanzando coa incorporación de técnicas ata agora escasamente utilizadas na ilustración infantil, como por exemplo a fotografía, o collage e a ensamblaxe. De igual xeito, a interdependencia do texto coa imaxe foise depurando ata crear álbumes ilustrados dunha extraordinaria capacidade comunicativa, ata tal punto que deu comezo a Idade de Ouro do álbum ilustrado que sinalabamos ao principio.

Na actualidade o álbum ilustrado semella a produción editorial que máis transcendencia está a ter na LIX, proxectándoa alén dos seus destinatarios máis directos, rebelándose contra as recomendacións por idade e aumentando o número de propostas aptas para distintos niveis de lectura ao mesmo tempo, e propoñendo un espazo de liberdade e de experimentación artística, que demanda un lector activo e crítico, acorde coa nova era dixital (Borda, 2002).



Do álbum ilustrado á novela: O libro ilustrado



Que é un libro ilustrado?

Son obras que presentan un texto acompañado de ilustracións. Predomina nelas o texto, que é quen proporciona primordialmente o sentido da narración. Esta é unha das diferenzas básicas co álbum ilustrado, xa que neste as palabras non se manteñen por si soas, ata tal punto é fundamental a interdependencia coa imaxe.

No libro ilustrado, a ilustración afianza o poder suxeridor do texto, favorece a visualización de personaxes e espazos, dándolles vida e características propias, pero se as suprimimos, o sentido del texto non se ve mermado.

Aquí o ilustrador ou ilustradora decora un texto para "facelo bonito". A ilustración que resulta é unha ilustración de páxina, non de texto.



A edición no álbum ilustrado

No álbum ilustrado a traballo dos creadores ten que ser completado co labor imprescindible do editor e o deseñador gráfico. A elección do formato, a cuberta, gardas, portada, o papel e os tipos xogaran un papel fundamental para a produción dun bo álbum, tal e como nos indica Manuel Peña Muñoz no *Ver para leer. Acercándonos al libro álbum* (p.37)



No álbum temos que ter en conta primeiro a súa forma. O formato que vemos nos álbumes é o habitual do libro: o vertical, cadrado e apaisado.

A elección do formato faina o editor e nela inflúe como este concibe o álbum tendo en conta sempre que os seus destinatarios fundamentais son os cativos. Nestas edicións a encadernación adoita ser en tapa dura, que protexe mellor o conto.

O formato vertical é, en xeral, o máis utilizado xa que na súa produción aprovéitase mellor o papel. Este formato é o que mellor se acomoda á posición natural do lector.

O formato cadrado é moi cómodo para os nenos, doado de manipular e ver.

No formato apaisado, ao ser o lombo máis curto en proporción ao tamaño do libro, o sufrimento e desgaste deste é maior.

É a primeira imaxe que o lector ten do álbum, é a súa presentación e a invitación para entrar nel. En todos os álbumes vai ilustrada, cun deseño moi coidado e adoita incluír o título do libro, o nome do autor, o ilustrador e a editorial. Os mesmos datos figuran no lombo, que é a parte do libro na que primeiro nos fixamos ao collelo ou velo nun andel. Por iso o coidado do seu deseño, corpo de letra e tipografía é fundamental.

Ás veces inclúe un resumo do libro ou frase alusiva a el, aos autores ou á obra, despertando así o interese dos lectores.



Son follas de papel ou cartolina que, dobradas á metade, serven para unir o corpo do libro ás tapas. Adoitan estar moi coidadas. Unhas son lisas, outras estampadas, a raias, ilustradas con debuxos do álbum...



PORTADILLA

É a páxina que nos prepara para a entrada ao álbum. Ás veces a ilustración vai a dobre páxina compartíndoa coa folla de créditos ou licenza, que normalmente está na páxina da esquerda.

TIPOGRAFÍA

Os tipos de letra xogan un papel moi importante tanto na súa forma e corpo como na súa disposición. Úsanse letras fáciles de ler e de recoñecer e ás veces auméntase ou redúcese o corpo da letra progresivamente en relación directa co texto, para intensificar o que este quere dicir. Non sempre o principal obxectivo da tipografía é conseguir que o texto sexa lexible. Ás veces pretende facerse notar, chamar a atención sobre si.

TEXTO E IMAXE

Como se le un texto escrito?

Os nosos ollos aprenderon a ler liña tras liña, de arriba cara abaixo e de esquerda a dereita, para descifrar a mensaxe contida nunha páxina escrita.

Dende o punto de vista narrativo, distinguimos entre a historia (o que se conta a través do texto e as ilustracións) e o discurso (a maneira en que texto e ilustracións se combinan e engarzan para contar).

Como se le unha imaxe?

A imaxe, conxunto de signos que interactúan entre si, funciona como un mapa que debemos interpretar. Entre os signos que interactúan na imaxe están os icónicos (que remiten a un referente reconecible) e os plásticos (cor, iluminación, textura, forma, espazos, encadramento, perspectiva). A selección de determinados signos por parte do creador da imaxe produce como resultado unha imaxe concreta que nós, como lectores debemos descubrir e entender.

O código visual non se limita só ás imaxes, senón que abrangue outros elementos gráficos importantes, como o deseño, a tipografía, a disposición dos elementos na páxina, o soporte, etc.

NOVAS CONXUNCIÓNS DE TEXTO E IMAXE


A disposición tipográfica tradicional dos álbums ilustrados seguía o formato habitual do resto dos textos escritos.

Pero conforme foi madurando este xénero, evolucionou tamén o xogo tipográfico achegando un valor engadido ao transmitir mensaxes complementarias e de enorme carga semántica ao que o texto e a ilustración nos contan.

As palabras xa poden bailar, subir ou baixar, cambiar de tamaño, de cores... de maneira significativa.

A forma do texto escrito é progresiva e temporal; é dicir, narrativa, en contraposición á da imaxe, que é simultánea e espacial; é dicir, descritiva. Pero por mor da relación entre texto e ilustracións que se produce no álbum ilustrado, o escrito deixa de ser arte temporal e a ilustración deixa de ser arte espacial para converterse nunha arte multimodal na que se integran a dimensión espacial da composición e a dimensión temporal da narración.

Un bo álbum ilustrado é aquel no que texto e imaxe non resulten redundantes, senón complementarios.



A cebra Camila.
Marisa Núñez e Óscar Millán
Kalandraka

11

Enamorados.
Rébecca Dautremer
Kókinos

12



13

La rana y la serpiente.
Marta Alonso Vázquez
Apila.

I love you as big as the world.
David Van Buren e Tim
Warnes.
Little Tiger Press.

14





15

Maniática de la explicación.
Adriana Falcao
Fondo de Cultura

COMPOSICIÓN DAS IMAXES

Cando un ilustrador ou ilustradora compón unha imaxe, vai xerarquizar uns elementos sobre outros. Así, unha imaxe que emprega moita luz para salienta unha personaxe e pouca para sinala a outra está xerarquizando a información que nos transmite a imaxe.

Nos álbumes ilustrados pódense establecer tres categorías simbólicas susceptibles de transmitir unha grande información visual e emocional á imaxe:

- Iconas non verbais ou paralingüísticas
- Símbolos espaciais
- Símbolos tonais.

Rolf and Flor.
The Pinker Tones e
Miguel Gallardo.
Alba.

16



ICONAS NON VERBAIS OU PARALINGÜÍSTICAS:

Os códigos e pautas de condutas de comunicación non verbal son precursoras na interacción comunicativa e expresiva do neno, moito antes que a linguaxe oral. Os movementos expresivos teñen un compoñente innato e, ao mesmo tempo, están sometidos á máis variada aprendizaxe cultural, co que non só participan do ritual da comunicación, senón que están dotados dun alto poder simbólico. Entres estes elementos da comunicación non verbal atopamos:

Calquera emoción ten a súa tradución corporal, inicialmente a través da sensación física. Esta vaise exteriorizar logo nun signo corporal, dende un ínfimo detalle como o rubor da timidez (*Frederik*) ata o máis virulento, como a mandíbula apertada do enfado (*Fernando furioso*). Para os nenos e nenas é importante decatarse de que estes cambios corporais son visualmente doados de recoñecer e están vencellados á comunicación que tan ben dominan. Ese recoñecemento emocional e sentimental vailles permitir situar e entender situacións emocionais e vinculalas cos seus propios sentimentos.

MIRADA




17

EXPRESIÓN FACIAL



18

POSTURA/ORIENTACIÓN ESPACIAL




19

XESTOS



20

DISTANCIA INTERPERSONAL



21

APARIENCIA PERSONAL



22

SÍMBOLOS ESPACIAIS

TAMAÑO



23

CONTORNO



24

POSICIÓN



25



NÚMERO



26


PROXIMIDADE



27



28



EQUILIBRIO

TEMPO



29



DIRECCIÓN



30



A ALFABETIZACIÓN EMOCIONAL E OS ÁLBUMES

Unha boa proposta de traballo é procurar a alfabetización emocional dos nenos e nenas a partir de álbumes ilustrados que presentan situacións que teñan similitudes coa súa experiencia vital, nas que se poidan recoñecer e identificar, que provoquen nos nenos e nenas un desexo de formular hipóteses, resolver problemas e atopar solucións.

Como afectan os libros infantís á educación emocional? Como reflicte e constrúe as emocións a literatura infantil?

As narracións configuran o mundo emocional dos nenos e nenas. E as boas narracións amplían a súa capacidade para dar respostas emocionais axeitadas ás distintas situacións que se lles poden presentar nas súas vidas.

Disque un empeza a educar as súas emocións cando ten os sentimentos correctos en cada lugar. Como dicía Aristóteles: “aprender a compracerse e a doerse como é debido” (este era o seu concepto da boa educación).

En calquera narración con palabras ou imaxes os sentimentos agroman, ou ben cando recoñecemos a idea que hai debaixo (se vemos unha cruz gamada sabemos o que significa), ou ben cando o texto alude a unha emoción que xa tivemos antes (se me anoxo porque un condutor salta un semáforo). Ou ben cando o que lemos, vemos ou oímos provoca en nós novas sensacións, normalmente a partir de cousas que xa coñecemos, pero tamén a partir de sentimentos de orixe inconsciente ou que non identificamos (como o rexeitamento instintivo ante unha cor). Daquela, as emocións contadas fannos comprender as cousas, por primeira vez ou de novo, e reordenar ou consolidar os nosos sentimentos.

Os álbumes constrúen as emocións.

Os libros de máis éxito entre os máis pequenos son aqueles nos que estes se ven iguais ao protagonista e ven as súas historias con sentimentos do tipo “a min pásame o mesmo”.

Borges dicía que todas as ficcións se resumen en poucas historias básicas e que pasamos a vida narrándoas de novo.

Alguns álbumes, sendo relatos mínimos, conteñen no seu interior o argumento básico e as mesmas ansias humanas que posúen as máis grandes historias.

Os álbumes constrúen emocións a cativos e a grandes. Non hai un álbum para cada idade. Coller un libro é abrir portas.





Como facilita a literatura infantil a construción da identidade dos seus lectores?

A literatura é unha forma que os adultos temos de facilitar a busca e o encontro da propia identidade aos cativos e rapaces.

Se toda a literatura fala da nosa condición de seres humanos, a LIX céntrase especialmente no camiño para chegar a selo; é dicir, formula en que consiste medrar e expón as dificultades de crecer, algo que empeza por asumir que todos morrерemos. Moitos relatos infantís presentan o impacto que lle causa ao protagonista a morte dun ser cercano (sobre todo os avós nos álbumes para os máis pequenos).

Entre as novelas máis clásicas do xénero están aquelas nas que os heroes centran as súas vidas na busca de obxectivos como o descubrimento dun tesouro (*A illa do tesouro*) ou o cumprimento dunha misión difícil (*O señor dos aneis*). Tamén están os relatos sobre a rebeldía fronte a unha situación despótica (*Robin Hood*). Unha característica común a todas é que os heroes teñen obxectivos claros. Un aspecto importante en todas estas ficcións é o da maduración do heroe, que precisamente alcanza esa condición cando se decata de que non pode permanecer pasivo e que debe reaccionar ante a inxustiza, que ten

que vencer a tentación de traizoar ou abandonar aos que quere, e que ao final descobre, xunto aos lectores, que a súa principal vitoria é o seu crecemento en humanidade.

Desde a perspectiva particular da construción da propia identidade, o que todas estas obras salientan é que os perigos vitais para os protagonistas son non tomar as decisións adecuadas, non deixarse aconsellar por quen ten a experiencia ou sabedoría necesarias, non aprender dos erros, non ser quen de pedir perdón ou rectificar, non recoñecer as propias limitacións ou, ao revés, non ser capaz de aspirar a máis.

Un terceiro grupo dentro das novelas de maduración xuvenil é o de protagonistas con problemas singulares derivados de personalidades quebradas ou a piques de quebrar (*O gardián entre o millo*, *O doutor Jekyll...*), ou ben por feridas a causa do racismo ou de calquera discriminación (*Cando Hitler roubou o coello rosa*, *Emigrantes*).

Así, aseguramos a nosa identidade cando recoñecemos a raíz interior do mal e non cando a negamos. A identidade recomponse cando non evitamos as dificultades e admitimos as feridas, diagnosticámolas ben e propoñémosnos curalas.

Por outra banda, os relatos iniciáticos ou de busca da identidade, falan da entrada dos nenos nun mundo adulto que non comprenden de todo e que ás veces lles resulta hostil, pero ao que desexan ou teñen que acceder. A fantasía é especialmente apta para sinalar como a personalidade pode quebrar cando un rapaz non resolve ben algúns problemas que se lles presentan ao medrar (Alicia, por un lado, quere crecer e facerse adulta, pero por outro sorpréndese e enfádase ao ver as contradicións do mundo adulto).

Outros personaxes van en busca do lugar ao que pertencen, pois sinten a urxencia interior de saber cal é o seu sitio no mundo.

Os relatos para máis pequenos intentan equipar ao neno ou nena para que poida razoar por si mesmo coa sabedoría que necesitará na vida: queren preparalo para que se poida enfrontar aos obstáculos que o agardan, pretenden despejar do seu horizonte os temores que o asaltan e o frean e procuran darlle todas as seguridades posibles para ensinarlle que bases son firmes (así, en *Frederick*, que a variedade de ocupacións na vida nos enriquece a todos).

Moitos relatos para pequenos falan da orixe, que para eles son seus pais, e de que a súa primeira e indispensable necesidade é a de ser queridos (*Te quiero mucho, canguro azul*). É dicir, que a identidade do neno ten como primeiro e principal alicerce o afecto dos que o queren.



Relación entre álbums ilustrados e emocións

Como a forma de presentar os sentimentos nos relatos infantís ten que ser sinxela e sintética, neles atopamos un amplo espectro de todas as emocións temperás. E os álbums non só presentan as emocións, senón que teñen unha capacidade particular de transmitilas e de construílas. Por un lado, como se basean en imaxes, provocan un automático “efecto espello”. Por outro, ao seren historias concibidas para ser contempladas con detemento, provocan efectos posteriores de imitación ou de imitación inversa, onde interveñen xa a reflexión e os condicionantes propios do lector e do seu entorno.

Nas emocións que se presentan nos álbums encontramos un bo catálogo dos sentimentos propios do mundo infantil. En definitiva, o grande impacto dos álbums na construción das emocións débese ou ben a que as inducen ou ben a que axudan a reaxustalas.



XOGOS CO ÁLBUM

1. Con diferentes portadas, multicolores e/ou monocromas preguntemos ao alumnado se cren que vai ser unha historia triste ou alegre, de risa, de medo...
2. Nas primeiras páxinas, xoguemos a descubrir ao protagonista (é o que se repite, o que está no centro, o que é máis grande...)
3. Propiciemos a identificación (ese neno/a é coma ti, é maior, ten irmáns, está co seu avó...)
4. Imitemos os xestos das personaxes segundo a emoción que amosan: enfado, ledicia, nerviosismo, medo...
5. Propiciemos a empatía recoñecendo as expresións que aparecen nas ilustracións e animémoslos a que expresen o que senten.
6. Axudemos á busca de solucións aos problemas que vaian xurdindo nos contos ou nas imaxes.

A MIRADA VIOLETA NOS ÁLBUMES ILUSTRADOS



Os roles sexuais transmítense case sen decatármonos. Aos tres ou catro anos de idade, os nenos e as nenas xa están totalmente identificados co rol sexual que lles corresponde.

O sexismo é unha orientación que favorece a un sexo en detrimento do outro. Fai referencia a imaxes, actitudes, comportamentos e estereotipos discriminatorios con respecto a un dos sexos.

Adela Turín (1995) afirma que “para os nenos, os estereotipos dos libros ilustrados teñen, con frecuencia, máis forza que a realidade que os rodea. Ensínanlles aos nenos que os rapaces, naturalmente activos e dinámicos, teñen un valor e

unha importancia maior que as rapazas, que nacen pasivas, limpas e ordenadas, tranquilas, emotivas, soñadoras, amables, dóciles. Cóntanlles que os homes adultos son responsables, creativos, ás veces heroicos, leais e capaces da amizade e do desinterese”.

Lidia Pardo e Elena Rentero (1999) afirman que “os tópicos que alimentaron a literatura universal de todos os tempos, baseados na idealización ou na degradación da muller, teñen un fiel reflexo na literatura infantil”. O protagonista masculino era aventureiro, valente, creativo, divertido... e sempre era premiado casando coa princesa, sempre fermosa, sempre disposta: *O xastre valente* ou *O gato con botas* son exemplos disto. As nenas, cando eran protagonistas, tiñan unha existencia desgraciada ata que chegaba o príncipe azul a salvalas e protexelas, como seres débiles que eran, colmando así a súa felicidade e comendo perdices xunto a el. Lembremos a Brancaneves, a Sereíña ou a Bela Durminte.

Pero, evidentemente, os modelos sociais actuais xa non son os mesmos. A muller sae do ámbito da familia e incorpórase ao mundo laboral, aínda que siga a ser o soporte do seu fogar; o fin último na vida da muller non é casar e ter fillos, xa que a súa realización persoal non depende diso; os homes intégranse nun ámbito familiar no que antes só se ocupaban de facilitar o sustento económico; homes e mulleres sepáranse e conviven ou non cos seus fillos e fillas; forman novas parellas; unha parella non é exclusivamente home-muller... Aparecen, en definitiva, outras formas de vida en común alternativas á familia patriarcal, mais a igualdade entre sexos aínda non está garantida.

Tendo en conta que o álbum ilustrado ten unha orientación específica cara á realidade social que desexamos construír, cabe preguntarse que imaxe dos homes e das mulleres podemos atopar neste xénero.

Así, nalgúns álbumes atopamos símbolos como delantais, vasoiras, lazos ou flores presentes nas ilustracións de mulleres ou nenas, asociados á maternidade ou á cursilería coa que se adornou sempre o feminino. Pola contra, o pai-marido aparece como o instruído, traballador, intelixente, disciplinado e protector, encargado de cubrir as necesidades económicas da familia. Símbolos como xornais, carteiras, garavatas ou lentes pertencen ao home como reflexo da intelectualidade e a participación na vida social e a profesionalidade.

Noutros álbumes a visión do xénero non se axusta aos estereotipos tradicionais. Os símbolos que antes se asociaban a home ou muller, agora non están relacionados con ningún xénero ou simplemente non aparecen.

bibliografía dos álbumes

1	SOPA DE RATO ARNOLD LOBEL , KALANDRAKA EDITORA, S.L., 2004 - ISBN 9788484642084
2	EL PULPO ESTA CRUDO (EN PAPEL) LUIS MARIA PES CETTI , ALFAGUARA, 2002 - ISBN 9788420464732
3	RELATOS PARA UN TEMPO NOVO. COL. LAGARTO PINTADO MIGUEL ANXO PRADO. XUNTA DE GALICIA, 1993
4	CONTOS PARA NENOS QUE DORMEN DESEGUIDA PINTO & CHINTO. COL. SETELEGUAS. KALANDRAKA EDITORA. 2010
5	CONTOS POR TELEFONO GIANNI RODARI , KALANDRAKA EDITORA, S.L., 2011 - ISBN 9788484647591
6	¿ME LEES UN CUENTO POR FAVOR? (VOL. 3) PENNY DANN , TIMUN MAS, 2003 - ISBN 9788448016265
7	CUENTOS EN VERSO PARA NIÑOS PERVERSOS ROALD DAHL , ALFAGUARA, 2008 -ISBN 9788420473192
8	EL LIBRO NEGRO DE LOS COLORES COTTIN e FARIA , LIBROS DEL ZORRO ROJO, 2008 - ISBN 9788492412198
9	EL SECRETO DEL AMOR SARAH EMMANUELLE BURG , MALSINET, 2009 - ISBN 9788496708419
10 23	EL ENEMIGO SERGE BLOCH; DAVIDE CALI. EDICIONES SM, 2008 - ISBN 9788467531558
11	A CEBRA CAMILA MARISA NUÑEZ. KALANDRAKA EDITORA, 2005 - ISBN 9788484641261
12	ENAMORADOS RÉBECCA DAUTREMER. KOKINOS - ISBN: 978-84-88342-47-8
13	LA RANA Y LA SERPIENTE MARTA ALONSO VÁZQUEZ. APILA EDICIONES, 2010 - ISBN: 9788493710286
14	I LOVE YOU AS BIG AS THE WORLD. DAVID VAN BUREN E TIM WARNES. LITTLE TIGER PRESS,2008 - ISBN: 9781845067304

15 /21	MANIÁTICA DE LA EXPLICACIÓN. ADRIANA FALCAO. FONDO DE CULTURA,2010 - ISBN 9786071601759
16	ROLF AND FLOR. THE PINKER TONES E MIGUEL GALLARDO. ALBA. ISBN: 97884-84287889
17	BUH BUH: LA HORA DE LOS VALIENTES ANDY RUNTON , THULE EDICIONES, 2012 - ISBN 9788415357209
18	EL ÁRBOL ROJO SHUAN TAN , BARBARA FIORE EDITORA, 2006 - ISBN 9788493481117
19	¿A QUE SABE A LUA? (EN PAPEL) MICHAEL GREJNIEC , KALANDRAKA EDITORA, S.L., 2007 - ISBN 9788484646259
20	FERNANDO EL FURIOSO HYASYN ORAM E SATOSHI KITAMURA. EKARÉ - 2010 ISBN:978-84-937767-3-2
21	VAMOS A CAZAR UN OSO MICHAEL ROSEN E HELEN OXENBURY. EKARÉ - 2005 ISBN:978-98-02571079
23	SACAPENAS ANTHONY BROWNE , KALANDRAKA EDITORA, S.L., 2006 - ISBN 9788484645856
24	CHISPAS Y CASCABELES ANN RAND , BARBARA FIORE EDITORA, 2006 - ISBN 9788493481131
25	EMIGRANTES SHAUN TAN , BARBARA FIORE EDITORA, 2007 - ISBN 9788493481162
26	THE VERY HUNGRY CATERPILLAR ERIC CARLE , PENGUIN, 2002 - ISBN 9780140569322
27	JACK E A MORTE TIM BOWLEY , OQO EDITORA, 2012 - ISBN 9788498713671
29	XAIME E AS LANDRAS TIM BOWLEY , KALANDRAKA EDITORA, S.L., 2005 - ISBN 9788484645320
30	COMO AGUA FLORIANO PARDAL, CARMEN SARA e PÉREZ BARRERA, SUSANA. EDITORIAL SLEEPYSLAPS. ISBN: 9788493741839

31	LA VERDADERA HISTORIA DE LOS COLORES. PARA NIÑOS AMANTES DE LA PINTURA. EVA HELLER. LÓPEZ EDICIONES. 2006. ISBN: 9788496646017
32	O GATO MARAGATO. EUGENIA FERNÁNDEZ E DOLIA BARRIO . 2013, GLÍA - ISBN 9788493828387
33	O LIBRO DAS ILLAS CÍES. AMALIA PÉREZ OTERO E MICHEL CASADO. 2008, A NOSA TERRA - ISBN 9788483412862
35	ESCONDERSE EN UN RINCON DEL MUNDO JIMMY LIAO , BARBARA FIORE EDITORA, 2010 - ISBN 9788493750619
35	AVÓS CHEMA HERAS , KALANDRAKA EDITORA, S.L., 2006 - ISBN 9788484645337

ÁLBUM ILUSTRADO E CONTOS

CONTOS
E
EMOÇÕES



ENLACES e BIBLIOGRAFÍA BÁSICA

Para a realización deste documento, baseámonos nos seguintes textos:

- González L.D. (2013): *Emociones en contrucción. Los relatos infantiles y los álbumes ilustrados en la educación emocional.* BibliotecaOnline SL,
- AAVV. Ver para leer. Acercándonos al libro álbum. Unidad de Curriculum y evaluación / centro de REcursos para el Aprendizaje - CRA. Santiago de Chile.
- Borda Crespo, M^a I. (Coord)(2009): *Análisis y descripción de la producción editorial andaluza en álbumes ilustrados.* Junta de Andalucía.
- Valdivia Vizarreta, P. Guía de Actividades de animación. www.hurukuta.blogspot.com
- Gianni Rodari. (1991): *Gramática de la fantasía.* Aliorna. Barcelona.

M^a EUGENIA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
eugeniafernandez@edu.xunta.es

AMALIA PÉREZ OTERO
amalia.perez.otero@edu.xunta.es,